

# A actividade excursionista do profesor VILA NADAL

Por Xosé A. Fraga Vázquez

Nas derradeiras décadas do século XIX e primeiros anos do XX António Vila, un activo profesor de História Natural, desenvolveu un amplio labor promovendo a realización de excursións, das que chegou a ser o principal impulsor na Galiza da época.

O excursionismo, contacto coa Natureza, cobra especial relevancia na segunda metade do século XIX. Maniféstase en formas diversas, como actividades ailladas ou con certa continuidade, con pretensiones de estudo ou de simple disfrute, restrinxido ao educativo ou dentro de iniciativas sociais amplas, ... Mais, en calquier caso, o excursionismo da época amosa un crecente interese e sensibilidade cara ao meio ambiente. Nesta mesma revista xa nos ocupamos dalgunha desas experiencias: o excursionismo científico de Ragnar Hult, o escolar de Rico Jimeno e o singular dos Ultreyta. Os leitores tamén deben lembrarse de Vila pois nun número anterior abordamos as suas ideas en relación coa conservación da Natureza.

António Vila Nadal nado en Barcelona en 1861 foi nomeado profesor axudante da asignatura de História Natural na Universidade de Santiago en 1886, recén rematados os estudos universitarios. En Santiago permanecerá ata rematar o Curso 1903-4, no que liu o Discurso inaugural (VILA NADAL, 1903). Nos anos de estancia na Galiza amosouse atento a numerosos temas.

O interese de Vila pola Natureza debe entérderse dentro das suas concepcións pedagóxicas e preocupación pola divulgación científica. De feito, cómpre sinalar que Vila representou no ensino universitario galego a recepción paradigmática do modelo pedagóxico *activo* (FRAGA, en prensa). Unha proposta que, espallada no Estado español pola Institución Libre de Enseñanza, entendía o ensino das Ciencias Naturais desde unha


práctica didáctica activa, directa, *intuitiva*, apoiada nun uso preferente das clases prácticas, excursións e colecciónismo. Unha alternativa ao modelo tradicional, baseado nun ensino pasivo e memorístico.

Nas *Prácticas en Historia Natural* (VILA NADAL, 1887), unha das primeiras publicacións específicas sobre o tema no Estado español, xa defende Vila o estudo dos seres vivos en su estado de vida, y por tanto poderlos tener a disposición cuando los necesiten y de aquí el nuevo rumbo que va tomando la ciencia ... para enseñar a los alumnos el manejo de instrumentos para la recolección en las expediciones y su preparación después, para formar parte de las colecciones de estudio (VILA NADAL, 1887: IV). Como vemos, o noso profesor entendía, dun xeito inovador, o Gabinete de História Natural non como

un armacén de obxectos naturais senón unha espécie de estación biolóxica, un taller escolar no que se traballaba sobre o material recolleitado nas excursións.

Nese contexto, fai fincapé na necesidade dun ensino práctico:..., pues al no tener en cuenta el carácter esencialmente experimental y de manipulación de estas ciencias, al darse la enseñanza en las cátedras tal como estaban dispuestas, propias para carreras literarias y sin enseñar a los alumnos las prácticas de excursión y gabinete, de ahí que estos, aún los que más aptitudes tenían y que habrían podido alcanzar óptimos frutos, tomasen aversión y hasta horror a estos estudios, pues habían de fiar a la memoria lo que competía a más altas facultades animicas (VILA NADAL, 1900: nota prévia).

A alternativa será a metodoloxía activa, na que as excursións xogan un papel fundamental. Vila reitera o exposto anteriormente, precisando o xeito de integrar a nova pedagoxia na avaliación académica: A las indicadas notas de su puño y letra debe acompañar el alumno las colecciones y preparaciones de los objetos que haya recogido en las excursiones, ya generales, que se verifican con el Pro-



# O meio natural na historia

fesor y demás compañeros, ya particulares verificadas por el alumno, debiendo presentarse catalogadas y lo decentemente presentables al profesor ... (VILA NADAL, 1902: 4). Cómprase subliñar que os Programas dos seus cursos recollen a realización de excursións.

Nas páxinas dunha das publicacións que criou, a revista *La Propaganda Científica* aparecen indicacións sobre as excursións escolares; así, no número 7, de marzo de 1898, páxina 56, di: *Han empezado ya las excursiones que los alumnos de Historia Natural de esta Universidad acostumbran hacer todos los años, desde ésta época hasta la terminación del curso...*

En distintos números van apa recendo instrucións para as actividades de traballo no campo. Ademais, en textos posteriores insiste no tema. No Discurso de inauguración de curso tamén comenta sobre as excursións que realizaba cos alumnos, aludindo á casa de que dispunha en Carril (*excursiones marítimas*).

O activo profesor marcha de Santiago en 1904, o seu destino será a Universidade de Salamanca e despois a de Barcelona, onde se xubilou en 1932; nestes centros continuou coa sua práctica pedagóxica modernizadora. Precisamente dos derradeiros anos de Vila como profesor temos unha curiosa testemuña do escritor Josep Pla, confirmando isto; Pla cointanos o seu contacto co xa vello profesor, catedrático de Mineralogía y Botánica. Nun tono de anécdotas estudantis, faláños de Vila, coñecido polos alumnos como l'Avi (o avó), a quien considera un home bondadoso, que permitia os excesos do alunado e sinala que (...) s'havia mostrat partidari de la mineralogía i de la botánica collides directament de la naturalesa,... relatando a realización de excursións polas zonas próximas a Barcelona, cinco ou seis no curso. Asimade, amosa que a práctica excursionista de Vila seguía a ser novidosa tantos anos despois da sua estancia en Santiago: ...en relación amb els mètodes de la Universitat del moment era un precursor indubitable (PLA, 1966: 556-557).

A marxe do seu labor educativo, Vila desenvolveu diversas iniciativas dirixidas á educación cien-

Año XII. 3.ª Serie.

Santiago, jueves 20 de Enero de 1898.

Nº 2

## La Propaganda Científica

REVISTA SEMANAL DE CIENCIAS

### PRECIOS DE ABONO

España, un año. . . . . 6 pesetas  
Extranjero y Ultramar. . . . . 10 pesetas  
NUMERO SUELTO 10 CÉNTIMOS.

La correspondencia y periódicos de cambio se dirigirán a la dirección, Franco, 10.

DIRECTOR-PROPIETARIO

DR. A. VILANADAL

### PUNTOS DE SUSCRIPCIÓN

Santiago: José Gall, Rua del Villar, 40.  
Madrid: Librería de Fernando Pérez, Carrera  
de San Jerónimo, 2.  
Barcelona: Mandrábal, 13 pral.

tífica xeral, da sociedade. Interesouse pola divulgación científica e, no tema que agora nos ocupa, promoveu un excursionismo popular, aberto, polo menos, aos leitores da sua revista, con nidos fins divulgativos. Na revista *La Propaganda Científica* xustifica, na sua declaración de intencións, no número 1, a utilización das excursións como parte da estratéxia de busca de atención das masas sociales á Ciéncia, e dá detalles prácticos para a sua organización:

(...) en las excursiones admitiremos los sport cílico hipico, ecuatorio náutico como medios de locomoción y llegados al sitio convenido de exploración se dividirán los excursionistas por secciones unos con sus máquinas fotográficas a impresionar las placas con alguna preciosidad de alguna arca gótica, bizantina o romana, un bajo relieve retablo o cruz parroquial (los arqueólogos) un corte de terreno una perspectiva general; otros con sus martillos y sus cinceles arrancarán de las rocas los fósiles cristales y muestras mineralógicas que convengan a los demás allá provistos de azadillas y cajas lineanas o carpetas se dedicarán a los asuntos botánicos y por fin los grupos de geólogos procuraran recoger cuanto se pueda para enriquecer sus colecciones y establecer cambios con otros naturalistas.

Observamos como pretendía que estas excursións "populares" tiveran un carácter interdisciplinar, abordando diversos aspectos culturais e científicos. No número 2 da revista aparece unha nota na que dá algun detalle práctico desas actividades: *Como dentro de poco tiempo empezaremos las excursiones .... a fin de que los que deseen tomar parte en ellas puedan proveerse de los útiles que les hagan falta, iremos apuntando los precios tomados de un Catálogo de ... M. Sanz .. Madrid*, e aparece unha lista de material de mineraloxia. Noutras ocasións reitererará a sua disposición a apoiar os contactos de particulares coa Natureza: *Ponemos nuestras columnas a disposición de todos los naturalistas y aficionados que quieran cambiar mutuamente los objetos de sus colecciones, admitiendo también fotografías, y sería muy conveniente que entre los aficionados a la fotografía entráse la costumbre del cambio de vistas, paisajes, monumentos, etc. pues de ese modo podrían hacerse grandes colecciones, con sólo sacar muchas copias de los clichés propios y establecer el cambio con aficionados de los demás países.*

Coidamos que os dados ofrecidos abondan para demostrar o importante labor do profesor Vila no impulso do excursionismo galego.

### BIBLIOGRAFIA

FRAGA, X.A. (en prensa). A recepción das novidades pedagóxicas, o modelo activo, no ensino científico na Universidade de Santiago no século XIX. O labor de Vila Nadal. Actas do V Simposio de Historia e Ensino das Ciencias. Vigo, 1995.

PLA, J. (1966). *El quadern gris. Un dietari*. Barcelona, Ed. Destino.

VILA NADAL, A. (1887). *Prácticas en Historia Natural*. Santiago, Impr. E. Alonso; (1900). *Apuntes para Clases Prácticas de Zoología*. Santiago, Tip. Galaica; (1902). *Programa de las lecciones de Mineralogía y Botánica*. Santiago, Tipografía Galaica; (1903). *Discurso leído en la solemne apertura del curso académico de 1903 a 1904 en la Universidad Literaria de Santiago*. Santiago, Impr. Paredes. ■